



CIRCULAR INFORMATIVA 3/2026

CONVOCATORIA DE REUNIÓN AOS LETRADOS/AS DA QUENDA DE OFICIO: Sesión informativa sobre as negociacións coa Xunta de Galicia relativas ao financiamento do servizo de asistencia xurídica gratuíta

A Xunta de Goberno do ICA Santiago convoca os avogados e avogadas adscritos/as aos servizos da quenda de oficio a unha reunión informativa sobre o estado actual das negociacións coa Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia.

Convocatoria de sesión informativa

Día: mércores 18 de febreiro

Hora: 19.30 h

Lugar: salón de actos do ICA Santiago

A seguir, reproducimos a **circular informativa** emitida polo **Consello da Avogacía Galega**:

Asunto: situación da negociación do baremo de Xustiza Gratuíta – febreiro 2026

Estimados compañeiros e compañeiras:

Dirixímonos a vós para informaros con detalle sobre o estado actual das negociacións coa Xunta de Galicia en relación co financiamento do servizo de asistencia xurídica gratuíta e, fundamentalmente, para solicitar a vosa opinión sobre a estratexia que debemos seguir como colectivo.

Contexto actual: Crecemento da demanda e financiamento insuficiente

Como ben sabedes polo voso traballo diario, a demanda do servizo de xustiza gratuíta está en constante aumento. Segundo o último informe do Consejo General de la Abogacía Española, as solicitudes incrementáronse un 6,8 % o ano pasado, alcanzando en Galicia as 52.623.

A pesar deste notable aumento da carga de traballo e novas obrigas legais, o financiamento segue sendo precario.

A proposta da Xunta

A Administración autonómica négase a abordar o problema de fondo: a necesidade de establecer un financiamento suficiente, estable e anticipado, que garanta a sustentabilidade e a dignidade do servizo, estimando a necesidade de incrementar o orzamento nuns 6 millóns de euros.

A proposta da Xunta límtase a un incremento orzamentario para os profesionais da avogacía que non acada os 3 millóns de euros. Consideramos esta cifra é manifestamente insuficiente, máxime cando nos mesmos orzamentos se destinan máis de 8 millóns de euros a obras menores e mobiliario.



CIRCULAR INFORMATIVA 3/2026

A oferta é insuficiente por varias razóns:

- O propio incremento anual de solicitudes absorberá por completo esa cantidade, perpetuando a situación actual.
- A negociación limitase a decidir como repartimos ese pequeno incremento, sen posibilidade de discutir a contía global.
- Exclúense reivindicacións fundamentais como a remuneración das gardas ou a dispoñibilidade.
- Mantense a falta de pagamento dos gastos de infraestrutura por expediente, aplicando a norma subsidiaria do 8 %, e acumúlanse atrasos nos pagamentos que os colexios deben adiantar coas cotas de todos e todas.

En definitiva, non se busca unha solución real, senón impoñernos unha repartición limitada dunha cantidade insuficiente.

Ante esta postura por parte da Xunta, preséntansenos dúas únicas opcións. É crucial que, como colectivo, decidamos de forma unida o camiño que tomar. Por iso, pedímosvos que valoredes as seguintes alternativas:

1. **Asinar o importe que ofrece a Xunta e negociar a súa repartición.** Esta opción implica aceptar o incremento proposto e centrar os esforzos en distribuír a cantidade asignada da mellor maneira posible entre os distintos conceptos do baremo.
2. **Non asinar as propostas ata que se acepte un incremento orzamentario suficiente.** Esta opción supón rexeitar a oferta actual e manter unha postura firme, condicionando calquera acordo a unha negociación real sobre a dotación global que dignifique o servizo e o labor dos profesionais que o prestamos.

Agradecemos de antemán a vosa participación. A vosa opinión é fundamental para definir a postura que defenderemos en nome de toda a avogacía galega.

Recibide un cordial saúdo.
